

MEDO

CARE SANTOS



rodeira

periscopio

MEDO

CARE SANTOS

MEDO



edebé

Título orixinal: *Medo*

© Care Santos, 2019

Representada pola Axencia Literaria Sandra Bruna

© Tradución: M^a Xesús Gómez

© Ed. Gal: Rodeira, 2019

Rúa Rafael Alberti, 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de literatura xuvenil: Elena Valencia

Deseño da colección: Book & Look

Fotografía de cuberta: Shutterstock

Fotografía da autora: Joan Cortadellas Huguet

Primeira edición, febreiro 2019

ISBN: 978-84-8349-558-2

Depósito legal: B. 722-2019

Impreso en España

Printed in Spain

EGS – Rosario 2 – Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

—*E vostede, por que non pide os seu tres desexos?*
—*preguntou Herbert White.*
—*Xa os pedín —o seu rostro púxose branco.*
—*E cumpríronse?*
—*Cumpríronse.*
—*Ninguén máis pediu nada?*
—*Si, un home. Non sei cales foron os dous primeiros.*
O seu terceiro desexo foi a morte.

A pata de mono,
W. W. Jacobs

Segundo as estatísticas, cada corenta segundos suicídase alguén nalgún lugar do mundo. Oitocentas mil persoas ao ano, unha terceira parte das cales teñen entre 15 e 29 anos. O suicidio causa moitas máis mortes que as guerras ou os accidentes de tráfico. Aínda que ninguén o di. Ninguén o sabe.

Hai persoas que non queren falar de certas cousas. O suicidio, por exemplo. Prefiren finxir que non existe. Pensan que así poderán evitalo, burlalo, apartalo das súas vidas. Equivócanse. A ignorancia das cousas non nos libra delas. Só nos leva a cometer erros. O suicidio é, entre outras cousas, un grande erro.

Ás veces, as persoas que se queren suicidar planéano durante moito tempo. Outras, decídeno en segundos. Ás veces avisan. Outras, simplemente, fano e listo.

Estas son algunhas das causas máis típicas: ruptura sentimental, problemas familiares, malos tratos, enfermidade, sensación de soidade, depresión... Non é nada raro ter pensamentos suicidas: case todo o mundo os tivo algunha vez. Aínda que moi poucos o tentaron. Destes, só un dez por cento o conseguiu. Entre os que

fracasan, o un por cento volverá tentalo antes dun ano.

Algúns suicidas burlan as estatísticas. A súa causa non é unha das máis frecuentes, e eles tampouco o son. Teñen unha vida normal, mesmo fácil. Nunca antes lles pasara pola cabeza a idea de matarse. Pero, de súpeto, ocorre algo que o cambia todo.

O medo.

Medo a vivir. Medo a non soportar a vida. Medo a ter que facelo. Medo a non saber como. Medo ao medo. Dálles máis medo vivir que desaparecer para sempre.

Esta historia trata dunha desas persoas.

Esta historia trata de alguén que non encaixa en ningures.

Contratempo

A chegábase o Nadal e nas rúas xa levaban días brillando os adornos luminosos. Como cada tarde desde había catro meses, ás sete menos cuarto saín do metro na praza Kennedy e camiñei sen présas cara á avenida da zona alta, onde vivía Hugo. O seu edificio, de preciosa fachada modernista, estaba agora cuberto de estadas: estaban a restauralo.

Antes de entrar mandeille unha mensaxe a Xenia: «Como vai a tarde?». Contestoume axiña: «Aburrida de estudar bichos microscópicos».

Ás sete menos cinco saudei o porteiro do bloque, quen, coma todos os días, abriume a porta do ascensor e preguntoume se ía todo ben. Díxenlle que si, coma sempre. Agora xa non me estrañaba a súa amabilidade, nin o seu uniforme, nin aquel perpetuo sorriso que tanto me asombraron a primeira vez.

Dous minutos antes das sete chamei ao timbre do piso de Hugo. Oín de lonxe os pasos de Armando, o mordomo. Abriuse a porta e velaí o estaba: co seu uniforme, as súas luvas brancas e o seu aire serio, coma cada tarde.

—Boas tardes, Éric. Pase —dixo, igual ca sempre.

Mira que xa pasaron varios meses e aínda non me afixen a que me tratase de vostede. Facíase rarísimo. Un día díxenllo. Pedinlle por favor que me falase de ti.

—Prefiro non facer excepcións —foi a súa resposta.

Mentres agardaba, coma de costume, a que Armando pechase a porta, pensei no raro que era afacerse a todo aquilo. A primeira vez que entrei naquela casa non podía deixar de miralo todo coma un moucho: os vasos, os marcos dourados, as alfombras abrandadas, as luvas brancas de Armando, a súa educación pasada de moda... Pareceume entrar nun museo ou nunha película. Un lugar onde a xente ten mordomo. Nada que ver co barrio onde nacín.

Botei a andar polo corredor, cara ao cuarto de Hugo. Ultimamente, Hugo prefería re-

cibirme no seu cuarto. Decía que era coma o seu castelo, o seu reduto, o único lugar onde se sentía ben. Eu creo que tamén era o único lugar onde conseguía fuxir un pouco da opresiva presenza dos seus pais, e onde o tiña todo controlado. Pero aquel día era diferente. Aquel día Armando tiña algo que dicirme.

—Hoxe pasaremos á biblioteca —dixo, adiantándose polo corredor rumbo ás dúas grandes portas escuras polas que se accedía ao meu cuarto favorito da casa.

A biblioteca era unha estancia bastante grande, sen luz natural, con catro paredes completamente forradas de libros. Debía de haber milleiros. Tamén dous sofás de pel escura, unha mesa pequena, unha alfombra con debuxos xeométricos e unha lámpada. Foi alí onde mantiven a miña primeira entrevista con Adela e Xaime, os pais de Hugo, antes de que me desen o traballo.

Armando convidoume a pasar. Nada me parecía raro de momento, aínda que o era. Despois de tantas semanas acudindo a aquela casa cada tarde, sen faltar nin unha soa, xa sabía que ás veces os pais de Hugo tiñan ocorrencias

estrañas. Pensei que se trataba dunha das súas entrevistas por sorpresa. Se cadra querían saber se atopaba o seu fillo máis animado, máis optimista. Ou ao mellor tiñan algo que dicirme. Nesas entrevistas adoitaban mostrarse moi agradecidos comigo, por «facer o esforzo de ser amigo de Hugo», dicían. Eu sempre respondín o mesmo: non era ningún esforzo, por moito que o seu fillo ás veces tivese un carácter insoportable. «O único que Hugo necesita é tempo», repetín varias veces. Daquela sorrían, amables, tristes, e preguntábanme se cría que co paso dos anos Hugo podería chegar a ser a sombra do que era antes de... Aquí calaban e mirábanse con tristura. Naquela casa os silencios eran unha compañía habitual.

Hugo é cego. Cando empecei a ler para el tiña dezasete anos e era a persoa máis infeliz que coñecín. Tamén a máis desagradable. A súa vida dividíase en días ariscos e días silenciosos. Os días ariscos estaba encabuxado con todo: coas circunstancias, coa xente, consigo mesmo, cos seus pais... Non había quen o aturase. E finxía non darse conta do moito que as súas palabras ofendían os demais. Os

días silenciosos non daba palabra. Contestaba a todo encollendo os ombreiros. Non demostraba interese por nada en absoluto, máis que por se encerrar en si mesmo e maldicir a toda a humanidade.

Eu comprendíao.

Un par de veces díxenlles a Adela e Xaime o que pensaba: que Hugo, coma todo o mundo, necesitaba liberdade. Aos dezasete anos non podes depender dos teus pais para todo ou acabas tolo. Facíalle falta gañar confianza, valer-se en por si, atopar outras cousas que facer, lanzarse á aventura, coñecer outras persoas, se cadra practicar algún deporte. Informárame dalgúñas cousas e estaba disposto a contarllas, pero nunca me deron a oportunidade. Limitábanse a sorrir con aquela tristura infinita e a dicir: «Grazas polo teu interese, Éric, pero non pode ser. Hugo nunca máis poderá volver ter unha vida normal e todos debemos asumilo».

Ninguén pode vivir privado de liberdade. Menos aínda despois de coñecer a liberdade absoluta.

Pero volvamos á tarde próxima a Nadal en que Armando, o mordomo, me fixo pasar á bi-

biblioteca e pechou a porta. Sorprendeume atopar a estancia deserta e ás escuras. El acendeu unha luz e quedou de pé, moi ríxido, no medio do debuxo xeométrico da alfombra.

—Houbo un contratempo —dixo, formal coma sempre, e esperou a miña reacción. Como non chegou, porque era imposible imaxinar nada con tan pouca información, proseguiu—: Hoxe non é necesario que quede, Éric. Hugo non está na casa. Hoxe non haberá sesión de lectura.

Estrañoucheme ben. Non fallar nin un só día foi unha das condicións que me impuxeron os pais de Hugo ao contratarme. Antes de que eu puidese contestar nada, ou mostrar o meu asombro, o mordomo proseguiu:

—Por suposto, pagaráselle o día de hoxe.

Non era o diñeiro o que me preocupaba.

—Que pasou? —interrompino.

Engurrou os beizos. Estaba claro que non lle gustaba a idea de darme explicacións. Mireino fixamente. El apartou a mirada e dixo:

—Ocorreu un accidente.

—Un accidente? A Hugo? —asentiu lentamente coa cabeza—. De que tipo?

—Non podo facilitarlle esa información.

—Onde está?

—No hospital.

—En cal? Podo ir velo?

—Non dispoño desa información. Ademais, os señores non cren oportuno que reciba visitas, de momento.

—E Hugo que opina?

—Temo que o que opine Hugo non é relevante, neste caso.

«Claro, coma de costume», pensei, sentindo unha tristura e unha rabia enormes. Lembrei a tarde anterior. Linlle a Hugo oito capítulos, e comentámoslos. Parecía ter máis ganas de falar ca de costume. Cando marchei, despedímonos «ata mañá». El estreitoume a man. Nunca ata entón o fixera. Pareceume un bo sinal, un pequeno avance. E xusto unhas horas despois ocorrera algo que parecía grave. Ás veces a vida ten un sentido do humor desconcertante.

—Está ben, Armando —resigneime—. Volverei mañá.

—Mañá tampouco haberá sesión de lectura —dixo o mordomo, entregándome o sobre coa miña paga semanal idéntico ao de todos

os venres—. Os señores pedíronme que lle dea isto. E que lle comunique que, polo momento, non é necesario que veña.

Creo que foi nese momento cando me dei conta da gravidade do que estaba a ocorrer.

—Ata cando? —preguntei.

—O mellor será que fale co señor Xaime ou coa señora Adela —proseguiu—. Eles chamaran, cando o crean oportuno. Estou seguro de que lle darán instrucións nese sentido. Por suposto, pedíronme que lle diga que terá a súa retribución dispoñible todas as semanas. Só ten que pasar por aquí os venres e eu mesmo lla...

Armando falaba cun ton neutro, profesional, carente de toda emoción. Pregunteime como o conseguía.

—Non pode dicirme a que hospital o levaron? —interrompino.

—Aínda que o soubese, non creo que puidese dicirullo.

Sáimos da biblioteca en silencio. El entretívose en apagar a luz e pechar a porta, mentres eu esperaba, perdido nos meus propios pensamentos. Marabillábame a súa serenidade. Ás veces preguntábame que clase de sentimentos

tiña aquel home, e cando, con quen, en que circunstancias os mostraba.

Percorremos o corredor ata o recibidor. Despediame coas mesmas palabras de cada día, aínda que soaron moito máis incertas:

—Ata a próxima, Éric.

Non esperei nin a entrar no ascensor para chamar a Hugo. Estaba moi preocupado.

Unha voz metálica informoume de que o seu móbil estaba apagado ou fóra de cobertura.

É dicir, fóra do mundo.